

A auga, fonte de vida e de desenvolvemento..

Según o Banco Mundial, 1.500 millóns de persoas viven con 1 \$/ día ou menos, e para o 2.015 serán 1.900 millóns, e case a metade da humanidade non dispón de 2 \$/día, o cal supón: malnutrición, diminución da esperanza de vida, falta de acceso á auga potable, saneamento ambiental e servizos sanitarios, analfabetismo, etc., en definitiva, viven lonxe de poder acadar unha vida digna.

En Novembro de 2.002, 145 países asinaron o Pacto sobre Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (CESCR, en inglés), o que marca un fito na historia dos dereitos humanos. Por primeira vez a auga é recoñecida como un dereito humano fundamental: “O dereito humano á auga otorga o dereito a todos a contar con auga suficiente, a precio asequible, físicamente accesible, segura e de calidade aceptable para usos personais e domésticos”. (World Water Development Report).

Na maioría das sociedades en vías de desenvolvemento, a tarefa de recoller auga e o seu uso na casa (cociñar, lavar roupa e os enseres domésticos, hixiene persoal...) corresponde á muller, e o simple feito de ir á procura da auga pode consumir varias horas de ida e de volta, e sempre levando nas súas costas esas pesadas cargas que en tantos casos provocan malformacións e graves doenzas.

Facilitar o acceso á auga potable cerca das vivendas pode reducir notablemente a carga de traballo das mulleres (nenas e adultas), deixándolle tempo libre para outras actividades económicas, e no caso das fillas, para asistir á escola.

A muller desempeña un papel fundamental na educación dos nenos respecto á auga, posto que son elas as que se ocupan do cuidado do fogar e das enfermidades dos nenos, a miúdo provocadas pola auga contaminada ou a falta de hixiene: cada ano morren cerca de dous millóns de nenos a causa de enfermidades relacionadas ca diarrea.

Pero a pesar de todo isto, nos comités relacionados co manexo da auga as mulleres son casi invisibles ou están ninguneadas, e polo tanto as decisións clave no manexo da xestión dos recursos hídricos e a implementación de proxectos relacionados ca auga están en mans dos homes (como acostuma ocorrer coa propiedade da terra), e por eso é fundamental promover a igualdade de acceso das mulleres e a súa plena participación con voz e voto.

Traballando en cooperación ao desenvolvemento, atopeime varias veces con serias dificultades para explicar e convencer aos homes da necesidade de pagar pola auga que consumen instalando contadores de auga nas casas, cando instalas un sistema de auga potable e lles levas a auga ate as súas vivendas. Os mesmos homes que se negan a pagar por esa auga que teñen nas casas e que por tanto as súas mulleres e fillas xa non teñen que ir a por ela, tampouco teñen ningún inconvinte en gastar moito mais diñeiro en alcohol ou pagar por sexo con prostitutas.

Tamén son as mulleres as que normalmente se encargan da tarefa de levar o grao a moer nos muiños de auga alí onde existen, principalmente en rexións montañosas con abundancia de auga e onde estes muiños foron integrados na vida cotiá de moitas

culturas ao redor do mundo. Esta antiga tecnoloxía segue a ser usada en moitos lugares e serven tamén como puntos de encontro para a xente (sobre todo para as mulleres). Noutros lugares serven tamén para xenerar enerxía eléctrica con mais ou menos capacidade.

Na miña opinión, merece especial mención a relación que manteñen as poboacións indíxenas coa auga.

As poboacións indíxenas representan casi 300 millóns de persoas, falan mais de 5.000 línguas e viven en mais de 70 países repartidos polos 5 continentes dende o Ártico ate o Amazonas, do Sahara a Australia, e moitas das zonas de maior diversidade biolóxica do planeta están habitadas por poboacións indíxenas.

Estes pobos posúen un valioso coñecemento, e durante séculos desenvolveron formas de vida en perfecta harmonía co seu medio, e polo tanto se lles debe recoñecer como actores imprescindibles para asegurar un desenvolvemento sostible a nivel local.

Na cultura indíxena, as persoas, as plantas e os animais están interconectados a través dunha rede de relacións e obrigas tanto ecolóxicas como sociais: os seus xeitos de vida son modelos de conservación e de consumo sostible dos recursos biolóxicos, en contraposición co espírito depredador puro e duro do capitalismo globalizador que só busca o beneficio económico a curto prazo, establecendo unha relación utilitaria coa natureza, e debido a que xeralmente os indíxenas habitan en ecosistemas fráxiles ou especialmente variados, estas poboacións a miúdo vense empobrecidas, desprazadas ou reducidas pola agricultura intensiva, a minería, as industrias madeiras ou a construción de infraestruturas (estradas e presas, principalmente).

A auga tamén desempeña un papel moi relevante en moitas relixións no mundo: fonte de vida, a auga representa o nacemento, a purificación, o que lle da un status sagrado en moitas ceremonias e cultos relixiosos.

No cristianismo, úsase no bautismo, o sacramento que simboliza a entrada e admisión na comunidade cristián.

No budismo, utilízase nos funerais: a auga bótase ate desbordar un recipiente situado entre os monxes e o corpo do difunto.

Os musulmáns deben lavarse as mans, a testa, os antebrazos e os pes antes das 5 oracións diarias, e as mezquitas teñen sempre fontes de auga onde os fieis poden facelo, e si non hai auga poden usar a area.

No hinduismo, os crentes teñen que lavarse á mañá todos os días. Asemesmo, cerca de cada templo sempre hai unha fonte de auga e os adeptos deben bañarse nela antes de entrar no templo. A miúdo os lugares de peregrinación están nas beiras dos ríos, e na India hai sete ríos sagrados, pero o mais importante é o Ganges.

Para os xudeos, a limpeza ritual da auga permite restaurar ou conservar un estado de pureza, e é obrigatorio lavarse as mans antes e despois das comidas.

No Xénesis, libro común aos cristiáns e ós xudeos, o diluvio universal destrúe todos os pecados do mundo para que poda renacer de novo libre de impurezas.

A auga é un elemento indispensable para a vida e a economía, e por eso tamén é tan importante nos conflitos armados en tódalas sociedades ao longo da historia. Dende a antigüidade, os recursos hídricos foron usados como arma contra os inimigos ou simplemente motivo de guerras e enfrontamentos armados.

Por exemplo, podemos sinalar que na Segunda Guerra Mundial (1939-45), as presas hidroeléctricas foron bombardeadas sistemáticamente como obxetivos estratéxicos, e durante a guerra do Viet Nam, houbo entre 2 e 3 millóns de mortos entre afogados e mortes por fame como resultado da destrución sistemática das presas e diques no Viet Nam do Norte polos bombardeos da aviación estadounidense, e en 1.999, en Kosovo, os pozos e suministros de auga foron contaminados polos serbios.

Pero pode que o paradigma do que estamos a falar o atopemos no conflito palestino-israelí, concretamente nos territorios ocupados (Cisjordania e Gaza).

Actualmente, en Cisjordania hay aproximadamente uns 250.000 colonos, é dicir, poboación israelí instalada en asentamentos de colonos en territorio ocupado palestino, en terras tomadas pola forza, comunicados entre sí por estradas de uso exclusivo dos colonos xudeos e protexidos polo exército de ocupación israelí. Pois ben, este colonos consumen 10 veces mais auga que calquera palestino, e os recursos hídricos palestinos están controlados e administrados polo goberno israelí, por suposto en beneficio exclusivo dos intereses israelíes.

En Gaza, cunha poboación de 1,300.000 palestinos en 300 ms.2, a pesar de que os asentamentos dos 8.000 colonos alí establecidos foron desaloxados no 2.005 (despois de estar durante 35 anos explotando en beneficio propio os recursos hidráulicos da franxa), o exército israelí segue a controlar a franxa por terra, mar e aire, convertindo este territorio na prisión mais grande do mundo, e impedindo sistemáticamente calquera posibilidade de mellora das condicións medioambientais xa fortemente deterioradas debido ó bloqueo total imposto polo goberno e o exército israelí, a auga está fortemente salinizada e contaminada, o cal a fai inutilizable para a agricultura e o consumo humano.

Sempre é a poboación civil a primeira en sufrir a ruptura do subministro de auga, e en moitos casos a sede demostra ser mais mortífera que as armas de guerra convencionais.

Certamente, non podemos dicir a día de hoxe que as tendencias globais sexan optimistas, pola contra mostran que as dificultades medioambientais, sociais e económicas van en aumento como resultado das moitas presións que se exercen sobre os recursos naturais.

Durante o século XX, triplicouse a poboación mundial, mentres que se sextuplicou o consumo de auga. Como consecuencia, desapareceron a metade dos humedais, algúns ríos xa non chegan ó mar e o 20% da auga doce do mundo está en perigo.

Para o 2.020, o 60 % da poboación mundial será urbana, algo que fai prioritario para todos os gobernos a construción de infraestruturas para o abastecemento de auga as cidades e a captación de recursos hídricos a toda costa.

Pero o fenómeno do cambio climático, algo xa presente en todo o mundo, é un factor agravante nesta situación e con claras repercusións en aspectos fundamentais como:

- *Seguridade alimentaria*: se aumenta de xeito significativo a temperatura global, o efecto máis probable será a redución xeral das colleitas na maioría das rexións tropicais e subtropicais, especialmente nas terras áridas.
- *Fenómenos extremos*: aumentarán a frecuencia e gravidade das sequías e inundacións, cas consecuencias sabidas de danos e destrucións para a natureza e as poboacións.
- *Saúde*: atoparemos enfermidades tropicais en latitudes cada vez máis altas.
- *Ecosistemas*: aumentará o risco existente de extinción das especies máis vulnerables, provocando como consecuencia unha perda da biodiversidade.

Para invertir estas tendencias negativas, a comunidade internacional ten definido certos obxetivos relacionados coa auga para alcanzar no 2.015 (Obxetivos do Milenio).

- Obxectivo de Desenvolvemento do Milenio relativo ao subministro de auga: “Reducir á metade o porcentaxe de persoas que carecen de acceso á auga potable para o 2.015”. Isto significa facilitar o acceso a auga potable a 275.000 persoas máis cada día.
- Obxectivo equivalente no ámbito da sanidade: “Reducir á metade o porcentaxe de persoas que carecen de acceso á sanidade para o 2.015”. Significa facilitar o acceso a aseos apropiados (letrinas e tratamento de augas sucias) a 342.000 persoas máis cada día.

Así pois, os retos son urxentes e graves, non hai tempo que perder. A tarefa é inxente e ahí temos que coordinar esforzos os gobernos (estatais, municipais, comunitarios...), os cidadáns, as axencias de cooperación, os organismos internacionais e as ongds. Para moitos dos que traballamos en cooperación ao desenvolvemento, os proxectos de subministro de auga potable e saneamento ambiental son unha prioridade na meirande parte dos países nos que estamos a traballar dende hai moito tempo, pero penso que cada día que pasa é máis urxente ser conscentes dos novos retos aos que temos que facer fronte.

Carlos Sánchez Pardo

Cooperante